



## ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 24 de outubro de 2018**.

1. Apróbase o borrador da acta da sesión ordinaria do 17 de outubro de 2018, con rectificación de erro na data de celebración consignada na mesma.
2. Concédese licenza de obras maiores para construción de muro de contención no lugar de Cadrelo, parroquia de Sto. Tomé de Piñeiro, Marín.
3. Concédese licenza de obras maiores para a formación de oco para a instalación de ascensor, no edificio existente na rúa República Argentina, nº 19, Marín.
4. Acórdase o inicio do expediente de contratación da obra “Sistema de retención e desbaste automático de sólidos no bombeo de augas residuais de Loira I”, incluída no Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, da Deputación de Pontevedra.
5. Acórdase o inicio do expediente de contratación da obra “Instalacións de recreo infantís en Parque Eguren, Marín”, incluída no Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, da Deputación de Pontevedra.
6. Acórdase o inicio do expediente de contratación da obra “Mellora e renovación do alumeadado público exterior A Brea-Ameal”, incluída no Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, da Deputación de Pontevedra.
7. Dáse conta da concesión de subvención pola Consellería de Economía, Emprego e Industria ao Concello de Marín, por importe de 104.191,50 euros, para a contratación de 10 persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da RISGA para a realización da obra ou servizo denominada “Apoyo ao servizo de obras públicas”.
8. Dáse conta da resolución de AGADER pola que se acorda realizar un pagamento anticipado ao Concello de Marín, por importe de 10.136,75 euros, da subvención concedida con cargo ao Plan de Mellora de Camiños Municipais 2018-2019 para levar a cabo a actuación “Mantemento da estrada rural Chan de Piñeiro-Candóns”.
9. **Rogos e preguntas.** Non se formulan.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, decidiu tratar pola vía de urxencia o seguinte asunto:

1. Concédese licenza de obra maior para instalación fotovoltaica de autoconsumo de 228kw na cuberta de nave frigorífica (instalando 800 módulos na cuberta da nave), situada no porto de Marín.

A ALCALDESA-PRESIDENTA,

María Ramallo Vázquez.

Avda. de Ourense s/n, 36900 Marín (Pontevedra) - Teléfono 986 880 300 - Fax 986 882 013 - www.marin.es

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E200023BDE00U7H4M6R1C3V8 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a>	<b>FIRMANTE - FECHA</b>	<b>DOCUMENTO 20180146398</b>
	MARIA PILAR RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 19/12/2018 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 19/12/2018 10:35:17	Fecha: 19/12/2018 Hora: 10:35